



PLAN DE ACCIÓN DO PROGRAMA GREEN CAMPUS UDC

A. DATOS XERAIS

DATA DE ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN: 21 mayo 2019

DATA DE APROBACIÓN POLO COMITÉ AMBIENTAL: 21 mayo 2019

NOME COMPLETO DA PERSOA DE CONTACTO: Raquel Martínez Buján

DIRECCIÓN. Facultade de Socioloxía. C/Campus de Elviña, s/n

LOCALIDADE: A Coruña CÓDIGO POSTAL: 15071

TELÉFONO: 881014802 CORREO-E: raquel.bujan@udc.es

B. BREVE XUSTIFICACIÓN RAZOADA

Resumo do plan, partindo da descrición resumida da situación de partida e xustificación das medidas prioritarias (até 2 pax.)

Este Plan de Acción fai referencia as Facultades de Socioloxía e Ciencias da Comunicación. Preséntanse accións e iniciativas conxuntas por encontrarse ambos Centros no mesmo edificio situado no Campus de Elviña. O Comité Ambiental comeza a funcionar formalmente a partir da súa aprobación nas Xuntas de Facultade dos días 21 de abril de 2019 no caso da Facultade de Socioloxía e 2 de maio de 2019 no caso da Facultade de Comunicación pero, en realidade, a sensibilización de directrices medioambientais, de aforro enerxético e de responsabilidade social comezan a introducirse con anterioridade.

Neste eido, os antecedentes se remontan ao ano 2005, cando a Xunta de Centro da Facultade de Socioloxía, puxo en funcionamento unha experiencia piloto denominada "Plan para unha facultade sostible". Dita experiencia tiña dúas características: a primeira, de carácter integral, supuxo o establecemento dunha serie de boas prácticas de ecoeficiencia das que moitas delas aínda perduran (asinado de convenios co Concello da Coruña para a recollida e reciclado de papel e cartóns, reciclado de tóner, pilas, etc.; fontes de auga corrente para eliminar plásticos...). De igual forma, e tendo en conta o carácter integral da sustentabilidade, propiciáronse campañas de sensibilización para o uso do transporte público, oferta de



materias de desenvolvemento sustentable de libre configuración abertas a toda a UDC e, por vez primeira, púxose en marcha un programa de prácticas para o alumnado da licenciatura de Socioloxía cunha ampla colaboración con entidades, empresas e corporacións de marcado carácter social e co fin de propiciar esta vertente da sustentabilidade. A segunda característica da mencionada experiencia é que todas as actuacións que afectaron ao ámbito do edificio, implicaron á totalidade do mesmo. A razón estriba no feito de que até o ano 2006 non se incorpora a titulación de segundo ciclo de Comunicación Audiovisual e no curso 2009-2010 comeza o grao nesa facultade, a xestión do continente era de competencia da Facultade de Socioloxía.

Para continuar con este traballo, as liñas de actuación do Green Campus da FACSOCOM que se presentan neste programa defínense a partires dunha diagnose da ecoeficiencia no edificio. Deste xeito, elaborouse un documento que se xunta a este Plan de Acción en maio de 2019, con datos relativos a 2016 sobre a pegada ecolóxica e do carbono: os resultados manifestan a destacada e positiva posición de ambas Facultades neste eido da xestión ambiental dentro do conxunto de centros da UDC. Aínda así consideramos que quedan moitos elementos por incorporar e mellorar e, dentro deles, daremos prioridade a promover a dimensión social da sustentabilidade debido a especialización das titulacións nos que se implanta o programa. En concreto, o Plan oríentase cara o ámbito da responsabilidade social e dous criterios marcan a súa filosofía: 1) fomentar valores colaborativos que potencien unha educación para o desenvolvemento; 2) promover ámbitos de transferencia do aprendizaxe nas aulas cara o exterior. Ambos fundamentos xeneran unha implicación activa dos decanatos e, o que se intenta, é acadar un modelo participativo a través da involucración dos estudantes, profesorado e persoal administrativo pero tamén acadando compromisos comunitarios coa administración pública local e outras entidades de valor social. É así como destacamos a importancia de estender as dinámicas do Green Campus cara prácticas reais de transformación social. Os ODs definidos pola ONU tamén se encamiñan neste senso.

Plan de Acción.

Sobre a base do citado documento ademais da auditoría ambiental e a participación de todos os colectivos das dúas facultades, establécese o presente Plan de Acción, que reflicte o compromiso de ambas en materia medioambiental e para propiciar o desenvolvemento sustentable. Como resumo das liñas estratéxicas que se recollen neste Plan, pode destacarse o seguinte:



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



Accións 1 e 2.- Ecoeficiencia e xestión de residuos: reforzamento das medidas que xa se veñen adoptando por ambas facultades.

Acción 3.- Medición da calidade do aire: sobre os traballos que se teñen levado a cabo, realización de actuacións de seguimento e control.

Acción 4.- Fomento da mobilidade sustentable: aínda que se trata dunha acción de carácter xeral para todos os centros, dende ambas facultades propiciarase o uso do transporte compartido mediante campañas de promoción e sensibilización.

Acción 5.- Alimentación saudable: acción novidosa para o fomento dunha dieta equilibrada, tanto nos menús que oferten os servizos de cafetería como as máquinas de vending.

Acción 6.- Compra verde, consumo xusto e responsable: propiciar e adquirir hábitos ecolóxicos na política de subministracións das facultades e sensibilización sobre consumo responsable e redución de papel en usos administrativos.

Acción 7.- Establecemento de actividades medioambientais fora das aulas: trátase dunha actividade propia de extensión universitaria no ámbito específico da sustentabilidade. Presenta tres aspectos diferenciados: actividades de fomento do desenvolvemento sostible, potenciación de asociacións e voluntariado e actividades docentes complementarias.

Acción 8.- Inclusión de forma progresiva e transversal de contidos e competencias sobre persoa/contorna saudable nos graos de Socioloxía e Comunicación: trátase dunha acción multidimensional nas catro vertentes da sustentabilidade (ambiental, social, económica e institucional), introducindo nas materias aspectos relacionados coa sustentabilidade e o seu carácter integral.

Acción 9.- Responsabilidade social corporativa (RSC): fomento de boas prácticas de RSC con entidades públicas e privadas e fomento da participación do alumnado na construcións con materiais reciclado (experiencia piloto xa posta en marcha no Proxecto Receitas Urbanas dirixido por Santiago Cirugeda).



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



Acción 10.- Igualdade de xénero: fomento de políticas activas a través dos Planes de Acción Titorial (PAT).



C. PLAN DE ACCIÓN

ACCIÓN	OBXECTIVOS	METODOLOXÍA	RECURSOS NECESARIOS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSÁBEIS	INDICADORES DE SEGUIMIENTO
<p>1.- Reducir o consumo de luz/enerxía e de auga</p> <p>Área 1. Obxectivo UDC 3.4 Prioridade UDC</p> <p>ODS 13: Acción polo clima ODS 12: Producción e consumo responsables</p>	<p>1.- Formulación de políticas de ecoeficiencia: Reducir o consumo de luz; Axustar o consumo de calefacción e radiadores segundo a utilización do edificio (apagado dos mesmos en épocas non lectivas).</p> <p>4.- Realización dun informe sobre o consumo de luz e auga para detectar as posibilidades destas reducións.</p>	<p>1.- Instalación de lámpadas de baixo consumo.</p> <p>3.- Reguladores de intensidade de luz, apagado automático, temporizadores e detectores de presenza.</p> <p>4.- Cambio de billas de auga para reducir consumo.</p> <p>5.- Campaña sensibilización sobre apagado da luz cando non se está no despacho ou nas aulas.</p>	<p>Recursos humanos no entorno.</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2018.</p>	<p>Vicedecanato Infraestructuras FSOC.</p>	<p>1.- Cálculo da pegada ecolóxica e da pegada de carbono.</p> <p>2.- Número de lámpadas led instaladas.</p> <p>3.- Número de difusores existentes para reducir o consumo de auga.</p> <p>4.- Número de ferramentas instaladas para reducir a intensidade da luz e da enerxía eléctrica.</p>



<p>2. Separar, recoller e reciclar residuos (xestión sostible de residuos).</p> <p>Áreas 2, 3 y 4. Obxectivo estratéxico UDC 3.2. Prioridade UDC</p> <p>ODS 13: Acción polo clima ODS 12: Producción e consumo responsables</p>	<p>1.- Informar sobre procedementos de reciclaxe de material informático e sólido.</p> <p>2.- Fomentar as posibilidades de reciclaxe informático</p> <p>3.- Ubicación de papeleiras de recollida selectiva</p> <p>4.- Control do número de fotocopias, evitando no posible a utilización de fotocopias en cor.</p> <p>5.- Recollida de aceite usado. Mulleres colleiteiras.</p> <p>6.- Reciclado de residuos de cafetería. Evitar o uso de vasos e cubertos de plástico</p>	<p>1.- Campaña de sensibilización a través de plataformas dixitais (web e redes sociais).</p> <p>2.- Compra adecuada de papel e campaña informativa sobre papel e outros aspectos relacionados.</p> <p>3.- Compra de papeleiras de recollida selectiva.</p> <p>4.- Control de fotocopias coa empresa RICOH b/n e cor.</p> <p>5.- Manter os espazos para recollidas de pilas, móbiles, así como portátiles e aparellos electrónicos pequenos.</p> <p>6.- Contactar coa empresa responsable de retirada de residuos orgánicos (OMA).</p>	<p>Recursos humanos no contorno.</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2018.</p>	<p>Secretaría Académica FSOC Vicedecanato Infraestruturas FSOC Secretaría Decanato FSOC Responsables cafetería FSOCOM.</p>	<p>1.- Documentos feitos para a campaña de sensibilización.</p> <p>2.- Cambio normativa TFG sobre entrega de documentación.</p> <p>3.- Control gasto fotocopias.</p> <p>4.- Espazos recollida RAEE e RPA.</p> <p>5.- Número de equipamentos destinados para a reciclaxe de papel, vidro, orgánicos e inorgánicos.</p>
--	---	--	--------------------------------------	--	--	---



<p>3.- Medición da calidade do aire</p> <p>Obxectivo estratéxico UDC 3.1</p> <p>ODS 13: Acción polo clima ODS 3: Saúde e benestar</p>	<p>1.- Información sobre o gas radón e a súa presenza na FACSOCOM.</p> <p>2.- Explorar a presenza do radón no edificio sobre todo en dependencias pouco ventiladas</p> <p>3.- Investigar a presenza doutros contaminantes no aire.</p> <p>4.- Toma de medidas correctoras se fose o caso.</p>	<p>1.- Medicións do gas radón.</p> <p>2.- Medicións doutros contaminantes ambientais.</p> <p>3.- Catas no subsolo e mostras de augas contaminantes.</p>	<p>Recursos humanos dispoñibles no contorno universitario.</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2018</p>	<p>Decanato FACSOC Oficina de Prevención de Riesgos – UDC Servizo de Arquitectura e Urbanismo - UDC</p>	<p>1.- Circulares informativos por correo electrónico a todos os colectivos da FacSOCOM.</p> <p>2.- Sesión informativa coa Xerencia e Servizo Prevención da UDC.</p> <p>3.- Sesión informativa con Médicos do Servizo de Epidemioloxía do SERGAS</p> <p>4.- Instalación de sistema de ventilación forzada e placas no subsolo para minimizar a presenza do gas radón.</p>
<p>4. Fomentar a mobilidade sustentable</p> <p>Obxectivo estratéxico UDC 3.3. Área 5</p> <p>ODS 12: Produción e consumo responsables</p>	<p>1.- Dinamización do programa Autocolega para compartir coche entre os estudantes, PAS e PDI.</p>	<p>1.- Campaña sobre Autocolega nas redes sociais.</p>	<p>Recursos humanos dispoñibles no contorno.</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2020.</p>	<p>DECANATO Comunicación.</p>	<p>1.- Documentos da campaña de sensibilización.</p> <p>2.- Número de persoas inscritas para compartir coche e número de coches compartidos no programa Autocolega.</p> <p>3.- Promoción do programa Autocolega nas webs dos centros do edificio.</p>



<p>5. Alimentación saudable.</p> <p>Área 6</p> <p>ODS 3: Saúde e benestar</p>	<p>1.- Fomento dunha dieta equilibrada nos menús da cafetería.</p> <p>2.- Incluír máquinas vending saudables.</p>	<p>1.- Solicitar a intervención da Xerencia para modificar o prego de condicións da cafetería para que inclúan elementos saudables na alimentación pero tamén consideracións ecolóxicas (produtos locais, envases reciclables...).</p> <p>2.- Solicitar a Xerencia a inclusión de máquinas Vending saudables e ofrecer alternativas as existentes na actualidade.</p> <p>3.- Traballar coa oficina UDC Saudable para conseguir a contratación dun dietista que planifique menús saudables en toda a Universidade.</p>	<p>Decana FSOC Cafetería OCV OMA Xerencia UDC Saudable.</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2018.</p>	<p>Decana FSOC.</p>	<p>1.- Documentos que mostren cambios nos pregos de condicións da concesión da cafetería.</p> <p>2.- Documento que mostre cambios na concesión das máquinas Vending. Cambios follas contratación se fose preciso.</p>
--	---	---	---	--	---------------------	---



<p>6.- Compra verde, consumo xusto e consumo responsable.</p> <p>Obxectivo estratéxico UDC 1, punto 1.6. Área 8</p> <p>Prioridade UDC Área 8</p> <p>ODS 12: Producción e consumo responsables</p>	<p>1.- Incluir criterios ecolóxicos e responsables na elección dos produtos e servizos, así como produtos que sexan reciclables e reutilizables. Exemplos: papel reciclado.</p> <p>2.- Reducir o consumo de papel nas tramitacións administrativas.</p> <p>3.- Sensibilización en materia de consumo responsable.</p>	<p>1.- Axustar compras con criterios ecolóxicos de maneira progresiva. Implementarase, en primeiro lugar, no Decanato de Socioloxía como experiencia piloto.</p> <p>2.- Comezarse por solicitar menos exemplares en papel nos TFG e fomentarse a utilización de intranet e moodle así como o correo electrónico.</p> <p>3.- Reducirse o número de impresos dispoñibles en papel e fomentarse a utilización da páxina web da FSOC para o envío de solicitudes do alumnado.</p> <p>4.- Fomentar campañas de reutilización de roupa, alimentos... con outras organizacións do terceiro sector que sensibilicen sobre o consumo circular.</p>	<p>Secretaría Decanato FSOCOM,</p> <p>Negociado Asuntos Económicos.</p> <p>UXAI.</p> <p>OCV.</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2018.</p>	<p>Decana FSOCOM</p> <p>Secretaría Decanato FSOCOM</p> <p>Negociado Asuntos Económicos</p> <p>UXAI</p> <p>OCV</p>	<p>1.- Nova contratación con empresas ecolóxicas que poden evidenciarse cos contratos menores.</p> <p>2.- Visualización a través das páxinas web pertinentes das Facultades.</p>
--	---	---	--	--	---	--



<p>7.- Establecemento actividades medio-ambientais fóra das aulas que fomenten a sensibilidade e concienciación medio-ambiental e de responsabilidade social.</p> <p>Área 9</p> <p>ODS 16: Paz, xustiza e institucións sólidas. ODS 17: Alianzas para acadar os obxectivos. ODS 11: Cidades e comunidades sostibles. ODS4: Educación de calidade</p>	<p>1.- Fomentar o voluntariado sensible en temas medio-ambientais en colaboración coa OCV e a OMA.</p> <p>2.- Potenciar a creación autónoma de asociacións de estudantes sobre esta materia.</p> <p>3.- Fomentar a participación dos estudantes en actividades medio-ambientais programadas pola OMA, OCV ou FACSOCOM.</p> <p>4.- Colaboración co tecido asociativo da cidade para actividades sustentables.</p> <p>5.- Desenvolvemento de actividades docentes complementarias as clases maxistras que incorporen a formación no eido dos modelos de crecemento socio económico sustentable.</p>	<p>1.- Charlas de concienciación co estudantado.</p> <p>2.- Información precisa sobre accións a realizar na OMA e OCV tanto nas aulas coma nas redes sociais.</p> <p>3.- Colaboración co Concello da Coruña para a defensa do Litoral de OZA.</p> <p>4.- Ciclo de cine sobre temas relacionados co medio-ambiente e a responsabilidade social</p> <p>5.- Roteiros sobre a natureza e a construción urbana entre o PDI e o alumando.</p> <p>6.- Participación nas Xornadas Green Campus organizadas pola OMA.</p>	<p>OCV OMA Estudantes Graos Socioloxía e Comunicación.</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2018.</p>	<p>OCV</p> <p>Responsables: Carlos Diz, Jose Antonio Cortés e Elvira Santiago Gómez.</p>	<p>1.- Documento coa relación dos estudantes para o voluntariado medio-ambiental.</p> <p>Número de voluntarios inscritos en actividades de cooperación e voluntariado.</p> <p>Número de voluntarios que participar nas actividades desenvolvidas.</p> <p>2.- Programa de cine.</p> <p>3.- Programa dos roteiros.</p> <p>4.- Documento proxecto de sensibilización programado polo Concello. (mostrar programa e vínculo establecido).</p>
--	---	--	--	--	---	---



<p>8.- Incluir de maneira progresiva e transversal competencias/contidos sobre persoas/contorna saudable e sustentables nos Graos de Socioloxía e Comunicación.</p> <p>Área 10</p> <p>ODS4: Educación de calidade</p>	<p>1.- Incorporación da dimensión sustentable social, ecolóxica e económica como unha liña de traballo transversal nos distintos programas e guías docentes das materias implicadas no título de grao en Socioloxía. Entendendo por dita incorporación o desenvolvemento de programas teóricos e prácticos docentes que incorporen os novos paradigmas teóricos relacionados coa sustentabilidade socioeconómica e medioambiental.</p> <p>2.- Explicación dos mesmos na Semana de Benvida.</p>	<p>1.- Revisión das competencias e contidos das materias coa persoa encargada da Coordinación do Grao.</p> <p>2.- Explicación de este proceso ao PDI en Xuntas de Facultade e reunións individuais.</p>	<p>Recursos humanos.</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2018.</p>	<p>Decanos FSOCOM Responsable: Elvira Santiago Gómez.</p>	<p>1.- Reforma do título de Grao no seu momento.</p> <p>2.- Orientacións ao profesorado para a realización das guías docentes.</p> <p>3.- Programa da Semana de Benvida.</p>
--	--	---	--------------------------	--	---	--



<p>9.- Responsabilidade social corporativa</p> <p>Área 1 Obxectivo estratéxico 1 Liña 1.1.</p> <p>ODS 16: Paz, xustiza e institucións sólidas. ODS 17: Alianzas para acadar os obxectivos. ODS 11: Cidades e comunidades sostibles. ODS4: Educación de calidade</p>	<p>1.- Impulsar un ámbito de actuación colectiva que require a articulación de diferentes mecanismos relacionados coa sustentabilidade, e as relacións coa contorna (entendida esta tanto en termos naturais como con outras entidades e individuos). Aspectos estes que soamente poden resolverse relacionando á FACSOC e o seu valor social como centro de traballo, centro educativo e institución de especial relevancia que investiga e garante os avances da sociedade, con prácticas vinculadas coas organizacións sociais non lucrativas dos sectores comunitarios e as empresas do sector privado.</p>	<p>1.- Asinar unha Cátedra sobre “Estratexias circulares de consumo” onde se ofrezan actividades formativas e investigadoras neste eido e que supoña o fomento de novos valores de colaboración baseados en consumos que potencian os bens comúns fronte ás novas adquisicións compulsivas. Tamén estará dedicada a promocionar novas formas de produción vinculadas ao territorio e a salvagardar o medio ambiente.</p> <p>2.- Colaboración co Proxecto Receitas Urbanas dirixido por Santiago Cirugeda e que supón involucrar ao alumnado nunha actividade de construción con material reciclado.</p>	<p>Fundación Seoane Reitoría Vicerreitoría Investigación OCV Decana FSOC.</p> <p>Luis de</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2018.</p>	<p>Decanato FACSOC</p>	<p>1.- Número de estudantes implicados nas accións previstas.</p> <p>2.- Número de cursos de formación realizados sobre o ámbito da responsabilidade social.</p> <p>3.- Número de socios comunitarios implicados nas accións programadas.</p> <p>4.- Impacto mediático das actividades.</p>
--	---	--	--	--	------------------------	---



<p>10.- Igualdade de xénero</p> <p>ODS 5: Igualdade de xénero</p>	<p>1.- Actuacións específicas en casos de violencia de xénero entre o estudante.</p> <p>2.- Sensibilización e concienciación sobre a desigualdade de xénero na sociedade actual.</p>	<p>1.- A través do Plan de Acción Tutorial prestarase especial atención a aqueles casos de violencia de xénero que serán tratados e derivados de maneira profesional cunha tutorización específica.</p> <p>2.- Modificacións, de ser o caso, na normativa que non permita cambios de identidade de xénero</p> <p>3.- Programación de actividades periódicas sobre a desigualdade de xénero e análise dos seus determinantes.</p>	<p>Recursos humanos no entorno.</p>	<p>Implementación progresiva dende o ano 2018.</p>	<p>Tutora do Plan de Acción Tutorial. Outro profesorado especializado en materias vinculadas coa igualdade de xénero.</p>	<p>1.- Tutorías específicas realizadas sobre esta situación.</p> <p>2.- Actividades conducentes á sensibilización de xénero (número, asistentes...)</p>
---	--	--	-------------------------------------	--	---	---



Criterios xerais propostos pola OMA-UDC e por Green Campus:

O plan de acción debe ser concreto e realista, e elaborarse de acordo con:

- Plan de Acción elaborado corresponderá ao curso académico 2014-2015, polo que as actuacións propostas deberán ser planificadas para que sexan acometidas neste prazo de tempo. No caso de actuacións que requiran máis tempo, indicarse até onde se levarán a cabo no curso 2014-2015.
- As actuacións que se propoñan deberán ser acordos coas necesidades identificadas na ecoauditoría previa e realistas en canto aos recursos necesarios e prazos de execución.
- Recoméndase un número de actuacións propostas entre 10 e 20, aínda que se poderá xustificar un número menor ou maior segundo posibilidades.
- Deberán abarcar, ao menos, tres temáticas diferentes (ver documento inicial Green Campus) e atenderán tanto aos obxectivos xerais da UDC (PEUDC 2013-2020) como aos particulares de centro.

Os obxectivos xerais da UDC están definidos no Plan Estratégico PEUDC2020, aprobado en decembro de 2013. Deles, seleccionamos pola súa relación directa cos obxectivos e contidos de Green Campus os seguintes:

PLAN ESTRATÉGICO UDC2020, capítulo "**RESPONSABILIDADE SOCIAL**" (pp. 32-37)

https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/_galeria_down/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/documentos/PLAN1320.pdf

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1: UNHA UNIVERSIDADE QUE IMPULSA O CAMBIO SOCIAL



1.6 Fomentar as políticas de compra socialmente responsable.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: Unha universidade responsable do seu impacto ambiental

3.1 Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de ambientalización e sustentabilidade.

3.2 Implantar procesos de xestión sostible dos residuos.

3.3 Impulsar a mobilidade sostible.

3.4 Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de auga.

No texto do Plan Estratéxico hai unha definición destes obxectivos a nivel de universidade, así como uns indicadores, que se poden adaptar ao nivel de centro.

Por outra banda, alén da contribución do centro a estes obxectivos xerais prioritarios da UDC no seu conxunto, cada centro deberá definir os seus obxectivos adicionais específicos, xunto cos indicadores que estime pertinentes.

A proposta do centro será valorada tanto pola OMA como por Green Campus, que poderán solicitar ampliacións ou modificacións razoadas.

Como documentos orientadores para a definición de obxectivos e indicadores, suxerimos os seguintes:

- Guía para a Sustentabilidade na UDC:

https://www.udc.es/archivos/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/pegada_ecologica/Guia_sustentabilidade_ambiental.pdf



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



- Documento CADEP-CRUE 2011:
https://www.udc.es/export/sites/udc/_galeria_down/sociedade/medio_ambiente/pegada_ecologica/InformeEspecifico.pdf
- Cuestionario de **Auditoría Ambiental Interna** para Facultades, Escolas E Centros Universitarios GREEN CAMPUS

Recoméndase facer uso deste último, xa que constitúe a ferramenta de diagnóstico da situación de partida, podendo facer uso dos outros documentos como material complementario.